



PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Rectificación de erros do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020, respecto da aprobación do prezo público e da normativa do Servizo de madrugadores do Concello de Vimianzo (punto 4.1), que no seu apartado primeiro sinala:

“(…)Primeiro.- Aprobar, de acordo coa Memoria realizada pola técnica da área de benestar social, o seguinte prezo público, que se devengará a partir do mes de febreiro de 2020:

SERVIZOS	PREZO	
	CON ALMORZO	SEN ALMORZO
Todos os días	36 €/mes	27 €/mes
4 días á semana	28 €/mes	21 €/mes
3 días á semana	21€/mes	16 €/mes
2 días á semana	14 €/mes	10 €/mes
1 día á semana	7 €/mes	5 €/mes
Días puntuais	3 €/mes	2 €/mes

Visto o informe da educadora familiar emitido en data 31/01/2020 no que sinala que se observou un erro tipográfico baseado na invisibilidade da parte decimal de cada unha das contías do prezo público establecidas polo uso de dito servizo.

Tendo en conta o establecido no art.109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación á corrección de erros.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da LBRL, e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm. 978/2019, de 04/09/2019, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020 resultado que:

Na parte resolutiva:

ONDE DÍ:

“(…)Primeiro.- Aprobar, de acordo coa Memoria realizada pola técnica da área de benestar social, o seguinte prezo público, que se devengará a partir do mes de febreiro de 2020:



SERVIZOS	PREZO	
	CON ALMORZO	SEN ALMORZO
Todos os días	36 €/mes	27 €/mes
4 días á semana	28 €/mes	21 €/mes
3 días á semana	21 €/mes	16 €/mes
2 días á semana	14 €/mes	10 €/mes
1 día á semana	7 €/mes	5 €/mes
Días puntuais	3 €/mes	2 €/mes

(...)"

DEBE DICIR:

"(...)Primeiro.- Aprobar, de acordo coa Memoria realizada pola técnica da área de benestar social, o seguinte prezo público, que se devengará a partir do mes de febreiro de 2020:

SERVIZOS	PREZO	
	CON ALMORZO	SEN ALMORZO
Todos os días	36 €/mes	27 €/mes
4 días á semana	28,80 €/mes	21,60 €/mes
3 días á semana	21,60 €/mes	16,20 €/mes
2 días á semana	14,40 €/mes	10,80 €/mes
1 día á semana	7,20 €/mes	5,40 €/mes
Días puntuais	3 €/mes	2 €/mes

(...)"

Segundo.-Publicar no taboleiro de edictos e no apartado correspondente na páxina web do concello, o referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/01/2020 coas correccións realizadas neste acordo.



O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez